

## **A outra cara da emigración**

–Avoa, avoa! –Aí chegaban os meus netos da escola.

Amodo rapaces!, tedes fame? Teño filloas na cociña, pero tamén tedes, que tomar un pouquiño de froita, eh?

–Ben! Filloas –berraron ao unísono.

Xa na cociña, mentres merendaban, a miña neta preguntoume:

–Avoa, na escola dixéronnos hoxe que seguramente case todos os galegos temos familia en América, como é iso?

– Pero aínda non o sabes Laura? –dixo seu irmán Pedro–. Iso é pola emigración, que xa nolo explicaran na clase. Moitos galegos tiveron que emigrar na procura dun traballo e dunha vida mellores.

–Ah... Ti non emigraches, non avoa? Porque ti non sabes inglés!

–Non, Lauriña –dixen rindo–, eu non, pero meu pai si que o fixo, porque andabamos xustos de cartos para vivir.

–Avoa –dixo Pedriño–, no colexio sempre nos contan como foi a vida dos homes que marcharon cara a América, pero estiven falando cos compañeiros e a verdade é que nunca mos contaron que foi das mulleres e fillos que quedaron aquí en Galicia.

–Moi boa pregunta, Pedriño. Pois se queredes cóntovos unha historia ben curiosa que me sucedeu nada máis partir meu pai no barco.

–Si! Conta! –exclamaron.

–Moi ben. Todo comezou na despedida no porto da Coruña. Eu tería uns dez anos e pensaba que era o día máis triste da miña vida. Os meus irmáns pequenos e mais a miña nai tamén choraban, pero a mágoa que eu sentía era máis profunda que os canóns do Sil. E é

que eu de nena era unha extensión de meu pai, sempre pegadiña a el; por iso, que se fora era para min coma perder un brazo ou unha perna. Non podería vivir sen el. Meu pai debeu decatarse de canto me afectaba a situación e deume un detalle especial –Carme, non chores muller, que este non é un adeus para sempre.

–Non vou ser feliz sen ti papá, vou chorar ata que regreses!

–Non quero iso, filla miña –entón amosoume un libro con portada verde–. Este é un libro moi especial, cada vez que te sintas soa ou que me botes de menos, ábreo e le un pouquiño. Xa verás, volverei antes de que o termines.

Así foi que meu pai partiu e, esa mesma noite, xa sen bágoas, abrín o libriño, pero estaba en branco! Non o podía crer, meu pai sempre fora bromista, pero agora era mal gusto. Tirei o libro con rabia pero ao pouco arrepentinme e recollino porque era o que me deixara meu pai e botábao en falta.

Quedei branca coma o xiz cando ao volver mirar libro había un capítulo escrito. Comecei a lelo e tratábase dunha historia dunha familia de esquíos. Non parei ata rematalo, e cando o fixen caín nun profundo e agradable soño.

Á mañá seguinte pensei que imaxinara todo, pera non. No libro estaba escrito a conto dos esquíos e o resto en branco. Pensei que toleara e a miña nai tampouco me crera.

Pasaba o tempo e os días non eran doados. A miña nai por pouco desfalecía, xa que tiña que coidar dos fillos, da casa e por se era pouco, tamén traballar para manernos. Eu, aínda sendo ben pequena, axudaba en todo o que podía, bañaba os meus irmáns pequenos, ía ao mercado comprar o que precisaba miña nai para cociñar, axudaba a limpar a casa. Era esgotador.

Ademais, a ausencia do meu pai deixou unha sombra sobre a nosa casa que nos acompañaba todo a día. A súa cadeira baleira na mesa silenciaba as comidas e faltaba a súa retranca e humor ao final do día.

Eu sufría, tiñamos problemas de abondo. Un día cheguei á casa da escola tras unha mañá terrible e o único que quería era abrazar o meu pai, pero claro, non estaba. Chorei e

chorei, ata que me acordei do seu libro e resultou que unha nova historia aparecera nel. Non me lembro de que ía pero si de que cando a rematei sentíame moito mellor.

A partir dese momento, cada vez que sentía que tocaba fondo, aparecía unha nova historia que me animaba a seguir adiante. Co tempo decateime de que cada relato que aparecía estaba destinado a consolarme en función do problema que tiña no momento. Non o comprendía mais tampouco o cuestionaba. Simplemente gozaba do pracer e da calma que me daba ler eses contos.

O día que lin a última páxina invadíume a inseguridade. Onde me apoiaría nos malos momentos? Quen estaría comigo cando o necesitase? A resposta entrou pola porta xusto nese momento. Meu pai regresara tras pasar ano e medio na Arxentina. Cumprírase a súa promesa, nada máis rematar o libro aparecera.

–Pero avoa, iso é increíble! Era un libro máxico –dixo Pedro.

–Avoa, pensas que algún dos meus libros pode ser tamén máxico? –preguntou Lauriña.

–Non o sei, neniña –dixen sorrindo –o que sei é que despois dos seres queridos, ler un libro transmite a máximo pracer.